

ACTIVIDADES REALIZADAS NO CLUB DE LECTURA
“AS CATRO ESQUINAS DO QUINTO”
IES FERRO COUSELO-5º INSTITUO
OURENSE

CURSO 2008-2009

O noso punto de partida este curso foi a subdivisión do grupo en pequenos grupos con diferentes finalidades:

1. **Actividades de animación á lectura** → dirixidas a todo grupo e as veces a todo o centro. Son actividades de achegamento á lectura de dous maneiras diferentes, en realidade trátase de “captar lectores”, de sacar as letras das aulas:
 - 1.1. Actividades de dinamización guiada : Luns de 3 a 4 da tarde (principalmente para 1º-2ºESO)
 - 1.2. Actividades de animación: Para todo o centro ou grupos concretos (concursos, contacontos...)
2. **“Os clubs dentro do club”** → grupos de lectores dun libro concreto. Grupos pequenos (entre 4-8alumn@s) guiados, en ocasións, por eles mesmos (previas pautas) cunha reunión semanal (acondicionouse na biblioteca o seu recuncho). Grupos finais:
 - 2.1. Grupo dos mércores
 - 2.2. Grupo dos venres
 - 2.3. Grupo de profesores
 - 2.4. Grupo das “tertulias no Liceo”
3. **O club na rede** → Animar á lectura a través da rede por medio da **páxina do centro**, comezando a colgar a información do que se facía no club e creando **aulas virtuais** de libros concretos con foros, cuestionarios e material diverso.

A continuación presentamos un pequeno resumo das actividades

1 ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN á LECTURA

1.1 Actividades de dinamización na biblioteca

Realizada os luns pola tarde, preténdese achegar os libros e a biblioteca aos rapaces, utilizando sistemas moi diferentes. Empezamos cos rapaces do ano anterior, pero o grupo ten como principal característica a súa flexibilidade, de tal maneira que pódense unir en calquera momento do curso. O grupo foi variando ao longo do curso, sendo o final o perfil de rapaz que asistía de 1 ESO e non xustamente por motivacións lectoras, plantéxanse a asistencia como unha alternativa ao patio, cando este empeza a ser aburrido. Tivemos dificultades para que os rapaces tomáranse en serio as actividades, pero o curioso é que non deixaban de vir. A continuación un breve resumo das actividades levadas a cabo cada mes.

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN
SESIÓNS LITERARIA DE SAMAIN E ESCRITURA CREATIVA	<p>O 3 de novembro, léronse textos de temática apropiada, no clima idóneo (a biblioteca con cabazas, velas e música de terror), rapazas de 4º (da optativa de etnografía) viñeron falar das orixes do “Samaín” “O día dos mortos” e o “Halloween”.</p> <p>Nesa mesma sesión deuse un argumento de terror, do libro “Tened miedo, mucho miedo”. Tratábase de escribir unha versión literaria a partir de lendas urbanas para a seguinte sesión.</p>
A MÚSICA E A LITERATURA	<p>Coincidindo coa celebración do día da música e enlazando coa sesión anterior de Samaín, lectura de textos con argumento musical e ambientación musical propia (El Misere de Bécquer) antes sesión de relaxación, para crear ambiente.</p>
SESIÓN LITERATURA ESCOITADA TEXTOS DE “LA VUELTA AL MUNDO EN 80 LIBROS	<p>Aproveitando un programa radiofónico “la vuelta al. Mundo en 80 libros” introducimos aos rapaces en textos moi variados: Poema de Gilgamesh, Quijote, Alicia... Gústalles escoitar as palabras as escuras despois de pequenas introduccións.</p>
SESIÓN DA LIBERDADE	<p>Escoitamos do programa "la vuelta al mundo en 80 libros" 7 versións do que o Quixote pensaba da liberdade. E votamos. Vencedor absoluto a versión de Galiardo. A partir desta actividade tamén empezaron a asistir os alumnos de 1º de ESO.</p>
TEXTOS PARA DÍA DOS NAMORADOS	<p>Tratábase de ler textos de amor, escoller os que os que lles gustaban, escribilos, debuxalos e facer un taboleiro para o concurso do día dos namorados.</p>
DÍA DA PAZ	<p>Ler e escoitar textos de diferentes autores internacionais que versaran sobre o tema, despois deixáronse levar para encher folios con palabras, debuxos... expostos na entrada do instituto.</p>
REORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA	<p>Tratábase de facer un recuncho agradable dentro da biblioteca para as nosas reunións. Cambiar estantes, comprar pubs, pegar carteis... O seu gusto.</p>
RELATOS DE TERROR	<p>Historias de terror entre os recen chegados de primeiro.</p>
O DÍA DO LIBRO NA REDE	<p>Actividades realizadas NA sala de informática baseada en información relacionada co día do libro (motivos, actos, curiosidades...)</p>
HAIKUS DO CLUB DE LECTURA	<p>Aprendizaxe da técnica do Haiku e elaboración de Haikus persoais, de diferentes contidos e de temática estelar.</p>
SELECCIÓN TEXTOS DE TEMÁTICA ESTELAR	<p>Traballo realizado de escolla e lectura en voz alta de textos que falen das estrelas para preparar a saída.</p>

2.1 Actividades de animación

A maioría das actividades que se realizan no centro e que teñen que ver coas letras soen estar organizadas polo club de lectura e participa o ENDL ou viceversa. Desta maneira intentamos mostrar a todo o centro que a literatura e as linguas son algo dinámico, vivo e que teñen moito máis xogo fora da aula. Intentamos facelos partícipes de datas sinaladas, aínda que é certo que non temos unha participación moi elevada nalgúns casos (concursos, sorteos), queremos pensar que aos poucos irá cambiando a cousa. Algunhas das actividades que se realizaron este ano

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN
SORTEO DÍA DOS ENAMORADOS	Neste taboleiro só por poñer un papeliño con dúas liñas que falaran de amor dalgún texto literario coñecido entraban nun sorteo. Os rapaces do club adornaron o taboleiro e foron os primeiros en colgar as súas seleccións
CONCURSO LITERARIO DE ENTROIDO	Concurso de composición libre con temática do Entroido.
CONTACONTOS E OBRADOIRO “TROPA DE TRAPO”	Contacontos, música e obradoiro do dúo “Tropa de trapo” de temática social e pacifista para os alumnos de 2º de bacharelato.
EXPOSICIÓN DO DÍA DO LIBRO	Exposición de libros curiosos, antigos, Quijotes... na entrada do instituto.
CONCURSO-SORTEO DÍA DO LIBRO	Partindo de esta exposición fíxose un cuestionario con preguntas sobre a mesma co que participaban nun sorteo no día das letras galegas.
INTERCAMBIO DE LIBROS – DÍA DO LIBRO	Tamén na entrada do instituto, puxemos unha mesa para traer e intercambiar libros de todo tipo.
ACTIVIDADES DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS BINGO REFRANEIRO	Xuntando coa entrega de premios literarios e de carteis promovidos polo INDL, fixemos un concurso-bingo con refráns galegos, os rapaces tiñan só a segunda parte dos refráns e dábaselle a primeira, concursaba por equipos e individualmente ían xogando o bingo cos refráns nos seus cartóns.
QUERES SER MILLONARIO	Xogo de preguntas, individual e por equipos, tendo como tema base os carteis expostos polo instituto de Ramón Piñeiro.
“LENDO NAS ESTRELAS”	Actividade en colaboración coa Asociación Astronómica de Ourense, no que en excursión nocturna iremos ver as estrelas a saber un pouco máis delas e a ler textos literarios (29 de maio) Este é un dos proxectos máis ambicioso do curso.
“XUNTANZA CON OUTROS CLUBS” ¿??	Esta actividade está aínda sen pechar, pero estamos interesados polo menos 4 clubs (Ferro, Allariz, A Gudiña e Salceda). A xuntanza sería en Ourense (Teatro Principal e Termas) ou en Allariz. A idea é que os rapaces intercambien as súas experiencias e que fagan unha lectura común de “La Zapatera prodigiosa” da que teñen xa material no Aula Virtual e incluso poderían comezar o contacto a través dos seus foros.

2.- OS CLUBS DENTRO DO CLUB

Aproveitando o traballo de dinamización realizado o ano pasado, tiñamos algúns rapaces con interese en ler libros concretos. Por eso, este ano animámonos a crear o “club típico” como se soe coñecer: un grupo de lectores dun libro concreto que se xuntan para comentalo, compartir a súa lectura.. Grupos pequenos (entre 4-8alumn@s) cunha reunión semanal. Os grupos finais foron:

- 3.1. Grupo dos mércores no 2º recreo → alumnos e alumnas de 2º de ESO
- 3.2. Grupo dos venres no 2º recreo → alumnas de 1º Bach. e 2º Bach..
- 3.3. Grupo das tertulias no Liceo → grupo de alumnos e alumnas de 4º de ESO e 1º de Bacharelato leron dous libros á vez que outro centro da mesma cidade para comentalo nuns faladoiros organizados polo Concello de Ourense.
- 3.4. Grupo de profesores → este ano continuamos coas **ceas literarias**

(Para ver as lecturas realizadas, no arquivo adxunto “algunhas das lecturas realizadas este ano” ou na páxina do centro en animación á lectura)

3.- O CLUB NA REDE

Aínda que segue sendo unha cuestión pendente a creación dun blog (pois a páxina web segue sendo cousa dos rapaces), si que se conseguiu animar á lectura a través da rede por medio da **páxina do centro** (<http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouselo/?q=category/8/35>), colgando a información do que se facía no club e creando **aulas virtuais** (<http://centros.edu.xunta.es/iesferrocouselo/moodle/>) de libros de lectura con foros, cuestionarios e material diverso en torno a un libro. Para máis información acceder á aula virtual do centro como convidado nos seguintes cursos:

- OLLOS DE AUGA
- VIAJE AL CENTRO DE LA TIERRA
- LA ZAPATERA PRODIGIOSA (¿? En proceso para compartir con outros clubs e para ampliar con outras obras de teatro)